

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela


Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que se adoptarán para garantir os dereitos lingüísticos de galegas e galegos nos restaurantes e cafeterías do noso país.

O Decreto 8/2007, do 10 de xaneiro, que modifica o Decreto 8/2006, do 15 de xuño, establece a ordenación turística dos restaurantes e cafeterías do noso país. Inclúe esta normativa, atendendo ao carácter cooficial do idioma galego, a incorporación deste na carta de pratos e menús dos restaurantes. Lamentablemente é posíbel comprobar como en moitos establecementos non se lle dá cumprimento ao establecido na devandita normativa, o que devalúa o exercicio dos dereitos lingüísticos. Probabelmente como consecuencia dunha inercia histórica que proscribía e proscribe o galego nas relacións comerciais (escritas), mais tamén pola falta de vontade da administración no seguimento do cumprimento deste marco normativo.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, en resposta ao BNG por este mesmo motivo, unicamente dá conta da apertura dunha páxina web neste departamento, e estuda a posibilidade de ofrecer “cursos” de galego dirixidos a este sector. Porén, ningunha medida destinada especificamente a facer cumprir a norma. Resulta curioso, pois o resto de requisitos e condicións mínimas que deben cumprir os restaurantes (agás o uso do galego), son exixidos: regulación de servizos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2010 12:15
Nº Rexistro: 24082
Data envío: 18/02/2010 12:15:39.740

hixiénicos, recoñecemento de casas de xantar, ofertas de servizos, etc. Non así o dereito a recibirmos información en galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Que medidas se adoptarán para lle dar cumprimento ao establecido no Decreto 8/2007 no referente á incorporación da lingua galega nos restaurantes e cafeterías existentes no noso país?

2.^a) É consciente o Goberno galego de que o galego está ausente de boa parte das cartas de pratos e menús dos restaurantes no noso propio país?

3.^a) Non cre que neste ámbito se está a producir unha evidente discriminación coa lingua propia de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/02/2010 12:14:45